



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 12 DE SETEMBRO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día doce de setembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 445 de data 18 de marzo de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona María Jesús Gómez González, don Ramón Boga Moscoso e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asiste á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 5 de setembro de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 5 de setembro de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 1 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 168, do 5 de setembro de 2016).

- Corrección de erros. Orde do 30 de xuño de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (Programa Aprod-economía social), cofinanciadas parcialmente con cargo ao Programa operativo do Fondo Social Europeo e ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se convocan para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 168, do 5 de setembro de 2016).

- Resolución do 1 de setembro de 2016, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se redistribúen e se amplían os créditos orzamentarios por epígrafes e o prazo de execución das actuacións e xustificación dos investimentos recollidos na Resolución do 10 de maio de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia energética na Administración local, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do programa operativo Feader-Galicia 2014-2020. (Diario Oficial de Galicia número 170, do 7 de setembro de 2016).

- Resolución do 11 de agosto de 2016, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. (Diario Oficial de Galicia número 171, do 8 de setembro de 2016).

- Lei 8/2016, de 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. (Boletín Oficial do Estado número 217, do 8 de setembro de 2016).

- Lei 9/2016, de 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais. (Boletín Oficial do Estado número 217, do 8 de setembro de 2016).

- Lei 10/2016, de 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia. (Boletín Oficial do Estado número 217, do 8 de setembro de 2016).

- Lei 12/2016, de 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (Boletín Oficial do Estado, número 217, do 8 de setembro de 2016).

- Resolución do 1 de setembro de 2016, do Instituto Galego de Promoción Económica, pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos préstamos en beneficio de pequenas e medianas empresas e microempresas de Galicia, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva. (Diario Oficial de Galicia número 172, do 9 de setembro de 2016).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de cambio de designación do director de obra e responsable do contrato menor para execución da obra “Aparcamentos Provisionais na unidade de Execución número 4 e a Coutelana” e designación de coordinador de seguridade e saúde. Expediente.: 2016/C002/000023

Visto o expediente de contrato menor tramitado co número 2016/C002/000023, para adxudicación da obra “Aparcamentos Provisionais na Unidade de Execución número 4 e a Coutelana”.

Vista a proposta para a Xunta de Goberno Local formulada con relación ao expediente anterior, asinada polo Alcalde, en data 5 de setembro de 2016, na que se propón, no punto sétimo, designar como director da obra e responsable do contrato ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, de conformidade co disposto no artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e a quen lle corresponderá supervisar a realización da obra, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da actuación pactada.

Visto o informe proposta do arquitecto municipal de data 6 de setembro de 2016 no que se propón designar como director de obra e responsable do contrato ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don Oscar Souto Muiño, por ser o técnico redactor do proxecto, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditir as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Asi mesmo obsérvase que non se designou coordinador de seguridade e saúde, debendo nomear a Dona Laura López Santiago (IPRENOR) con NIF 02617393Q., e enderezo C/ perpetuo socorro 1-1º D 15006 A Coruña, segundo o expediente de contrato menor número 2016/C002/000022.

Vista proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 7 de setembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Modificar a proposta para a Xunta de Goberno local asinada polo Alcalde o día 5 de setembro de 2016 no expediente 2016/C002/000023, en concreto, o punto sétimo da súa parte dispositiva, no que se designa como director e responsable do contrato da obra “*Aparcamentos provisionais na unidade de Execución número 4 e a Coutelana*” ao arquitecto municipal Don José Ramón Díaz Barbeito, no sentido de efectuar unha nova designación como director da antedita obra e responsable do contrato, a prol do enxeñeiro municipal de Camiños, Canles e Portos Don Oscar Souto.

Segundo : A maiores designar como coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra a Dona Laura López Santiago (IPRENOR) con NIF: 02 617 393-Q e enderezo en c/Perpetuo Socorro 1 1ºD – 15006 A Coruña. Segundo o expediente de contrato menor número 2016/C002/000022.

Terceiro: Notificar aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención e Urbanismo, e á técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.

3.2. Outorgamento de prazo de emenda da documentación previa á adxudicación, no expediente de contratación, mediante procedemento aberto multicriterio, da xestión, mediante a modalidade de concerto, do servizo público de axuda a domicilio no Concello de Cambre

Coa data do 18 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre formulou proposta de adxudicación da concesión da xestión mediante a modalidade de concerto, do servizo público de axuda a domicilio do Concello de Cambre, a prol da licitadora "Natalia Vázquez Rodríguez" nos prezos ofertados de 15,48 euros, IVE incluído, a hora ordinaria e 17,15 euros, IVE incluído, a hora festiva, esto a vista do informe técnico emitido pola coordinadora de servizos sociais, de data 09/08/2016.

A vista do anterior, e tendo en conta o establecido na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, así como no artigo 151.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo RD Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, requeriuse á licitadora, mediante oficio rexistrado de saída o día 22 de agosto de 2016 ao nº 0/4362, para que, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requerimento, presentase no Rexistro Xeral do Concello de Cambre, un sobre pechado, que debería conter a documentación previa á adxudicación, segundo se describe na mencionada cláusula 15 do prego administrativo.

En cumprimento do anterior, no expediente de contratación mediante procedemento aberto, multicriterio para a contratación do servizo de referencia, (exp. 2016/C006/000002), procedeuse á comprobación da documentación previa á adxudicación presentada pola licitadora proposta como adxudicataria, "Natalia Vázquez Rodríguez", tralo requirimento efectuado con nº de rexistro de saída 0/4362 o día 22/08/2016, emitíndose informe pola técnica de xestión de Administración xeral con data do 6 de setembro actual, no que consta que a empresa non deu cumprimento, parciamente, ao establecido na mencionada cláusula respecto da documentación a presentar.

Tendo en conta que a cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente contractual, determina que "*Recibida a documentación, o órgano de contratación poderá outorgar un prazo de dous días hábiles, para que se corrixan ou emenden os defectos materiais ou de feito observados na documentación presentada ...*", e á vista da proposta formulada pola técnica de xestión de Administración xeral no informe asinado con data do 6 de setembro actual

Vista a proposta da Alcaldía, de data 6 de setembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Concederlle á licitadora Natalia Vázquez Rodríguez, no expediente nº 2016/C006/000002, un prazo de dous días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento vía fax/correo electrónico, para que emende a documentación que presentou, e, en concreto, achegue a seguinte documentación, esixible consonte á cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, ao abeiro do establecido na antedita cláusula 15 do prego administrativo, e do artigo 146.4 do RDL 3/2011 e art. 81.2 do R.D. 1098/2001 do 12 de outubro, (Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas), xa que, no caso de non presentala, entenderase que a licitadora retirou a súa oferta, e procederá a recabar a documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas:

- Cláusula 15.E) (Declaración responsable): Deberá presentar a declaración responsable, debidamente asinada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, tal e como determina a antedita cláusula.

- Cláusula 15.F.b) (Solvencia técnica): A entidade deberá emendar a documentación presentada, achegando novamente os certificados emitidos polos concellos de Toques, Curtis, O Pino, Touro e Betanzos, que presentou compulsados polo Concello de Boimorto, se ben esta vez deberá presentalos compulsados ben por Notario Público ou pola secretaria do Concello de Cambre ou funcionario/a habilitado, tal e como contempla a cláusula 12 do prego administrativo.

- En relación ao IAE, (impuesto de actividades económicas), deberá presentar , no prazo de dous días hábiles, a alta no IAE no Concello de Cambre, esto á vista de que vai contar cunha oficina neste concello para a prestación do servizo.

- Deberá presentar compulsado ben por Notario Público ou pola secretaria do Concello de Cambre ou funcionario/a habilitado , a copia do contrato de arrendamento, de data 1 de setembro de 2016, suscrito entre a licitadora e don José Antonio Barros Giménez, do local situado na rúa Vicente Risco nº 1, baixo, o Graxal, O Temple, Cambre.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 2 ao 8 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1402/2016 e remata coa resolución da Alcaldía número 1423/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1402/2016	02/09/2016	Inicio de procedemento sancionador. Proposta de resolución (procedemento abreviado). Infracción tributaria por incumplir a obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar liquidacións (arts 191 e 192 lxt). P. Sancionador: expediente comprobación limitada pcl 2/2015
1403/2016	02/09/2016	Resolución (procedemento abreviado). Infracción tributaria por incumplir a obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar liquidacións (arts 191-192 lxt). P. Sancionador: procedemento de comprobación limitada pcl 3/2015
1404/2016	02/09/2016	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 7 de setembro de 2016, con carácter supletorio da correspondente ao 24 de agosto de 2016
1405/2016	02/09/2016	Convocatoria da Xunta de Goberno Local do día 5 de setembro de 2016
1406/2016	02/09/2016	Aprobación das condicións para concertar un préstamo para financiar en parte os investimentos do orzamento municipal de 2016, e anulación da aprobación das condicións aprobadas anteriormente.

1407/2016	02/09/2016	Autorizacións de venda ambulante ocasional no I Mercado Templario
1408/2016	05/09/2016	Expediente 2014/I002/000237 de execución subsidiaria orde de demolición
1409/2016	05/09/2016	Expediente de orde de execución 2015/I002/000061 por estado de finca situada en Fraís, Cecebre
1410/2016	05/09/2016	Expediente sancionador 2015/I001/000014 por depósito de materiais residuais nunha parcela municipal en Peiraio, Bribes
1411/2016	05/09/2016	Orde de execución por estado de vivenda situada en Peiraio, 35, Bribes
1412/2016	07/09/2016	Expediente de disciplina urbanística 2015/I002/000175 por realización de obras en finca situada en Samosteiro, 3-B, Cambre
1413/2016	07/09/2016	Solicitud autorización de acceso á sede electrónica do catastro para o policía local RAM
1414/2016	07/09/2016	Proposta de resolución do procedemento sancionador por resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da administración pública: PS.203. 3/2016: UFC, S.L
1415/2016	07/09/2016	Proposta de resolución do procedemento sancionador por resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da administración pública: PS.203. 2/2016: GN S.U.R, SDG, S.A
1416/2016	07/09/2016	Aprobación liquidacións admitidos para participar nas actividades deportivas de verán 2016
1417/2016	07/09/2016	Proposta de resolución do procedemento sancionador por resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da administración pública: PS.203. 1/2016: GNS, SDG, S.A
1418/2016	07/09/2016	Delegación sinatura e recibo vehículo Nissan NP300 Navarra na concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade dona Josefa Vázquez Soto
1419/2016	08/09/2016	Ruta 122 ás Torres de Arneiro. Programa de rutas de sendeirismo VENDE DE MARCHA 2016. XVI edición. Galicia Histórica
1420/2016	08/09/2016	D12-solicitud de achega ao abeiro da orde do 1 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo programa operativo fondo europeo de desenvolvemento rexional galicia 2014-2020 e se procede a súa convocatoria para os anos 2016 e 2017
1421/2016	08/09/2016	Estado de abandono de fincas colindantes á situada na Rañoa, 5, A Barcala, Cambre propiedade: ECS e MVP
1422/2016	08/09/2016	Expediente de orde de execución para limpeza de linde finca colindante a rúa Fiz Cotovelo, Urb. Os Castros do Bosque, Cecebre propiedade: Sucesores de CFB
1423/2016	08/09/2016	Expediente de transferencia de crédito núm. 10/2016. Subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2016. Aprobar o citado expediente de transferencia de crédito número 10/2016 por importe de 55.118,87 euros



5º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Mantivo unha reunión coa asociación de veciños A Unión de Brexo-Lema.
- Acudiu a reunións nos centros sociais para tratar os temas a incluír nos vindeiros orzamentos (programa "Decidámolo Xuntos") nas parroquias de Meixigo coa asociación O Palco e Andeiro coa asociación A Torre.
- Realizou unha visita de comprobación do local municipal no que se situaba o antigo centro de saúde do Temple.
- Acudiu a unha entrega de alimentos realizada pola asociación Aires de Sigrás ao Banco de Alimentos municipal.
- Acudiu ao acto de clausura do proxecto de voluntariado "Zaranda".
- Mantivo unha reunión no centro social de Sigrás cos veciños afectados polas obras de construción de beirarrúas na AC-214 ao seu paso pola Xira, en Sigrás.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 5 de setembro, ás 19.00 horas asistiu á reunión da xunta directiva ordinaria da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos que tivo lugar na sala de xuntas da casa do Concello de Abegondo.
- O día 8 de setembro, ás 10.00 horas asistiu á reunión do consello escolar do CEIP do Graxal, no Temple.
- O día 9 de setembro, visitou xunto coa técnica Sonia Machín o centro municipal de formación para ver a marcha dos cursos e falar co profesor de soldadura debido a un contratempo dun alumno.

Ás 12.00 horas asistiu á clausura do proxecto Zaranda no salón de plenos do concello.

Ás 13.00 horas asistiu a unha reunión do consello escolar no CEIP Portofaro, no Temple.

Informes da concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:



- Información APP; 1018 descargas, 9969 visitas.

- O día 12 de setembro deron comezo as obras de insonorización nos locais de ensaio municipais. A previsión de apertura está prevista para o día 3 de outubro.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación

Dona María Jesús Gómez González dá conta dos seguintes asuntos:

- Mércores, 7 - Xuntanza con pais nais e titores dos Colexios de Cambre para informar por parte da empresa adxudicataria Cambre Ocio do programa Mañanceiro.
- Xoves, 8 - Recepción alimentos da Asociación Cultural Aires de Sigras na Despensa Municipal.
- Consello Escolar no CEIP Wenceslao Fernández Flórez.
- Venres, 9- Comisión de Escolarización no Wenceslao Fernández Flórez.
- Clausura do Proxecto Zaranda de voluntariado xuvenil.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares e Deportes

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- As bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro presentaránse no pleno ordinario do mes de setembro.
- O martes, día 6 de setembro, mantivo unha reunión coa deputada provincial de Cultura.
- Comezaron as ligas de fútbol: infantís, cadetes, veteranos, feminina.

Informes da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade

Dona Josefa Vázquez Soto dá conta dos seguintes asuntos:

- O martes, día 5, visitou o antigo centro de saúde do Temple, xunto co concelleiro de Sanidade.
- O mércores, día 7, mantivo unha reunión coa directora de Stop Accidentes.
- O venres, día 9, asistiu ao acto de entrega e retirada de vehículo Nissan NP 300 Navarra, para protección civil, que tivo lugar na Academia Galega da Estrada.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido o artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos

expedientes de "Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Programa de Traballo da obra "Instalación de caldeira de biomasa no Centro Municipal de Formación", cofinanciada con fondos europeos Feder ao abeiro da Resolución do 23 de decembro de 2015 do Director do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (DOG núm. 248 do 30 de decembro de 2015)" e de "Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra Aparcadoiros provisionais na UE-4 e na Coutelana", sendo aprobada por unanimidade dos oito concelleiros asistentes á sesión.

A) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Programa de Traballo da obra "Instalación de caldeira de biomasa no Centro Municipal de Formación", cofinanciada con fondos europeos Feder ao abeiro da Resolución do 23 de decembro de 2015 do Director do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (DOG núm. 248 do 30 de decembro de 2015)

Logo de ver o expediente de contratación incoado co número 2016/C002/000017 para a adxudicación, mediante a modalidade de contrato menor, da obra cofinanciada con fondos europeos Feder ao abeiro da Resolución do 23 de decembro de 2015 do Director do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020, da obra "Instalación de caldeira de biomasa no Centro Municipal de Formación"

Logo de ver o plan de seguridade presentado pola empresa adxudicataria "Resolve Enerxía, S.L", con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 6 de setembro de 2016, rexistrado ao número 0/7393, ao que se achega informe favorable presentado coa mesma data e número de rexistro 0/7392 e emitido por don Guillermo Penedo Cobelo designado como coordinador de seguridade e saúde da obra,

Logo de ver que con data 9 de setembro de 2016 e número de rexistro de entrada 0/7477 a entidade adxudicataria presentou o Plan de Xestión de Residuos e o Programa de Obra, ao que se achega informe favorable emitido por don Guillermo Penedo Cobelo designado como director da obra.

Á vista do informe favorable emitido polo Enxeñeiro Técnico Municipal, de data 9 de setembro de 2016

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de



residuos de construción e demolición, así como o desposto na cláusula 18.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación,

Vista proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 9 de setembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde, o plan de xestión de residuos e mailo programa de traballo presentados pola empresa “Resolve Enerxía, S.L.” para a execución da obra denominada obra “Instalación de caldeira de biomasa no Centro Municipal de Formación”, cofinanciada con fondos europeos Feder ao abeiro da Resolución do 23 de decembro de 2015 do Director do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (DOG núm. 248 do 30 de decembro de 2015),

Segundo: Notificar aos interesados.

B) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, da obra “Aparcadoiros provisionais na UE-4 e na Coutelana”

Logo de ver o expediente de contratación incoado co número 2016/C002/000023 para a adxudicación, mediante a modalidade de contrato menor, da obra “Aparcadoiros provisionais na UE-4 e na Coutelana”

Logo de ver o plan de seguridade presentado pola empresa adxudicataria “Construcciones López Cao, S.L.”, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 9 de setembro de 2016, rexistrado co número 0/7497, ao que se achega informe favorable presentado coa mesma data e número de rexistro, e emitido por Dona Laura López Santiago, como coordinadora de seguridade e saúde da obra,

Á vista do informe favorable emitido polo Arquitecto Municipal, de data 9 de setembro de 2016

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, así como o desposto na cláusula 18.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación,

Vista proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 9 de setembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “Construcciones López Cao, S.L.” para a execución da obra denominada “Aparcadoiros provisionais na UE-4 e na Coutelana”

Segundo: Notificar aos interesados.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Oscar A. García Patiño

Verónica María Otero López